

CIENCIAS SOCIAIS - REPASO TEMA 5

“A AUGA E AS ROCHAS”

Pica as respostas correctas.

1.- Os estados da auga son...

- a) líquido e sólido.
- b) líquido e gasoso.
- c) líquido, gasoso e sólido.

2.- Ao quecer, a auga pasa do estado líquido ao estado...

- a) sólido.
- b) gasoso.

3.- Ao arrefriar, a auga pasa do estado líquido ao estado.

- a) sólido.
- b) gasoso.

4.- A auga é un líquido que non ten...

- a) olor nin cor.
- b) olor nin sabor.
- c) olor, nin cor, nin sabor.

5.- O xeo está no estado...

- a) líquido.
- b) sólido.
- c) gasoso.

6.- A auga da billa está no estado...

- a) líquido. b) sólido. c) gasoso.

7.- Cando quentamos auga nunha pota pasa ao estado...

- a) líquido. b) sólido. c) gasoso.

8.- Que lle ocorre á auga do mar cando se evapora?

- a) Transfórmase en vapor de auga.
b) Transfórmase en xeo.

9.- Na natureza hai...

- a) auga salgada.
b) auga salgada e auga doce.
c) auga doce.

10.- A auga do mar non contén sal.

- a) Verdadeiro. b) Falso.

11.- Hai auga doce en...

- a) ríos. b) mares. c) océanos.

12.- Hai auga doce en...

- a) chuvia. b) océano.

13.- As persoas bebemos auga salgada.

- a) Verdadeiro. b) Falso.

14.- A auga potable é auga...

- a) doce e limpa. b) doce e azul. c) limpa e marrón.

15.- Un río é unha corrente continua de auga salgada.

- a) Verdadeiro. b) Falso.

16.- Nas montañas os ríos son...

- a) estreitos e levan pouca auga.
b) son largos e levan moita auga.
c) son moi largos.

17.- Na chaira a auga vai...

- a) rápida. b) lenta. c) moi rápida.

18.- O lugar onde o río entra no mar chámase desembocadura.

a) Verdadeiro.

b) Falso.

19.- Que é un afluente?

a) Un río que desemboca no mar.

b) Un río que desemboca noutro río.

20.- O granito é unha rocha dura e resistente.

a) Verdadeiro.

b) Falso.

21.- A arxila é unha rocha dura e resistente.

a) Verdadeiro.

b) Falso.

22.- As rochas están compostas por minerais.

a) Verdadeiro.

b) Falso.

23.- Une con frechas.

No ceo, parte do vapor se arrefría e transfórmase en pequenas gotiñas que ao unirse forman as nubes.

Segundo

A calor do sol quenta a auga do mar e parte da auga evapórase e forma parte do aire.

Cuarto

A auga da chuva, da sarabia e da neve chega aos ríos e volve de novo ao mar.

Primeiro

A auga das nubes pode caer á terra como chuva, sarabia ou neve.

Terceiro